



CONCELLO DE CHANTADA

DECRETO.- Aprobación de bases e convocatoria para a selección de 20 alumnos/as traballadores/as, participantes no Obradoiro Dual de Emprego "Serra do Faro IX" - Concello de Chantada.

Don Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada (Lugo), en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

"Vista a Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (Procedemento TR353A) publicada no DOG nº 38 do 22 de febreiro de 2024.

Visto o artigo 10 da citada Orde, que sinala que a selección do alumnado-traballador, así como a do persoal formador, directivo, e de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

*Vista a Resolución de 19 de agosto de 2024, do Departamento Territorial de Lugo, do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego, pola que se concede a subvención para o **obradoiro dual de emprego "Serra do Faro IX"**, sendo a entidade promotora o Concello de Chantada. O proxecto formativo consta de tres Certificados de profesionalidade, con 20 alumnos/as traballadores/as en total, co seguinte desglose:*

- EOCB0209: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1, con 7 alumnos-traballadores.
- AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2, con 7 alumnos-traballadores.
- SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2, con 6 alumnos-traballadores.

Vista a necesidade urxente de proceder á aprobación das bases e convocatoria para a selección de 20 alumnos/as traballadores/as, participantes no Obradoiro Dual de Emprego "Serra do Faro IX" - Concello de Chantada.

Vistos os antecedentes e demais normativa de aplicación".

Eesta Alcaldía **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Aprobar as bases e a convocatoria para a selección de 20 alumnos/as traballadores/as, participantes no Obradoiro Dual de Emprego "Serra do Faro IX" - Concello de Chantada, que figuran como Anexo a este acordo.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución o Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Oficina de Emprego de Chantada, ao Concello de Taboada e ao Concello de Carballedo, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar as bases de selección na páxina web do Concello de Chantada, no taboleiro de anuncios do concello de Chantada e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Chantada.

QUINTO.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local e ao Pleno do Concello de Chantada, na seguinte sesión que se celebre.

Chantada, a data da sinatura dixital.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

O Alcalde, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

MANUEL LORENZO VARELA RODRIGUEZ (1 para 2)

ALCALDE
Dati de nacemento: 13/11/2024
NIF: 68659ab0704148756f63a073c41ac38

Fernando Torre Comesaña (2 para 2)

Secretario
Dati de nacemento: 13/11/2024
NIF: 786cdaa226942af6fb60f094051844

DECRETO

Número: 2024-1081 Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54ATHSYED54GN4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

“ANEXO.- BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS ALUMNAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “ SERRA DO FARO IX ”- CONCELLO DE CHANTADA

PRIMEIRA.- OBXECTO.-

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 e 11 da Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (Procedemento TR353A), publicada no DOG nº 38 do 22 de febreiro de 2024, establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego “**Serra do Faro IX**”, promovido polo **Concello de Chantada** e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SEGUNDA.- RELACIÓN XURÍDICA DAS PERSOAS ALUMNAS-TRABALLADORAS PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO.-

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego, as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de NOVE (9) MESES e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 07 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.-

As persoas participantes no proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais.

- Ter dezaioito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, en situación laboral non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Estar empadroadas nos **Concellos de Taboada, Carballedo ou Chantada**, con anterioridade á data de realización do sondeo pola Oficina de emprego de Chantada.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao Obradoiro Dual de Emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, e en aplicación do previsto dos artigos 2 e 5 da Orde.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados profesionais de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6Z37TM64ATHSYED54GW4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia, excepto que o certificado que vaia cursar sexa de nivel superior, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.
- Terán prioridade en todo caso os candidatos que non participaran nun obradoiro dual de emprego ou nun programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

Requisitos específicos:

- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

CUARTA.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN.-

- ✓ Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- ✓ Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

QUINTA.- OFERTA DE ACTIVIDADE.-

Unha vez constituído o grupo de traballo, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaranse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso correspondéndolle tramitar as ofertas á oficina de emprego de:

Oficina de emprego de Chantada:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: **Concello de Taboada.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidade formativa a cursar: **EOCB0208: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (peón da construción de edificios, pavimentadores con adoquines, axudante de alicatador-solador, operario de bordes de confinamento, pavimentador a base de formigón, e peón especializado) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

Decreto
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54ATHSYED54GW4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: **Concello de Carballedo.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 3
- Especialidade formativa a cursar: **EOCB0208: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (peón da construción de edificios, pavimentadores con adoquines, axudante de alicatador-solador, operario de bordes de confinamento, pavimentador a base de formigón, e peón especializado) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 3

- Ámbito xeográfico: **Concello de Chantada.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidade formativa a cursar: **EOCB0208: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (peón da construción de edificios, pavimentadores con adoquines, axudante de alicatador-solador, operario de bordes de confinamento, pavimentador a base de formigón, e peón especializado) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 4

- Ámbito xeográfico: **Concello de Taboada.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidades formativas a cursar: **AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (traballador de hortos, invernadoiros, viveiros e xardíns, en xeral; traballador de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos; xardineiro, en xeral; xardineiro coidador de campos de deporte; traballador cualificado en instalacións de xardíns e zonas verdes; traballador cualificado de mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes; traballador cualificado por conta propia en empresa de xardinería) NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 5

- Ámbito xeográfico: **Concello de Carballedo.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidades formativas a cursar: **AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2**

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54ATHSYED54GW4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (traballador de hortos, invernadoiros, viveiros e xardíns, en xeral; traballador de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos; xardineiro, en xeral; xardineiro coidador de campos de deporte; traballador cualificado en instalacións de xardíns e zonas verdes; traballador cualificado de mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes; traballador cualificado por conta propia en empresa de xardinería) NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 6

- Ámbito xeográfico: **Concello de Chantada.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 3
- Especialidades formativas a cursar: **AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (traballador de hortos, invernadoiros, viveiros e xardíns, en xeral; traballador de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos; xardineiro, en xeral; xardineiro coidador de campos de deporte; traballador cualificado en instalacións de xardíns e zonas verdes; traballador cualificado de mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes; traballador cualificado por conta propia en empresa de xardinería) NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 7

- Ámbito xeográfico: **Concello de Taboada.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidades formativas a cursar: **SSCS0208: Atención socio sanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2.**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minuválidos físicos, psíquicos e sensoriais; coidador de persoas dependentes en institucións; xerocultor e similares) NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 8

- Ámbito xeográfico: **Concello de Carballedo.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidades formativas a cursar: **SSCS0208: Atención socio sanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2.**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minuválidos físicos, psíquicos e sensoriais; coidador de persoas dependentes en institucións; xerocultor e similares) NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54THSYED54GN4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

OFERTA 9

- Ámbito xeográfico: **Concello de Chantada.**
- Número de persoas alumnas traballadoras: 2
- Especialidade formativa a cursar: **SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2.**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais; coidador de persoas dependentes en institucións; xerocultor e similares) NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego de Chantada serán convocadas pola entidade promotora (Concello de Chantada) por teléfono e correo electrónico. Mediante estes medios informarase do día e hora da proba de selección, así como dos medios polos cales se pode acceder as bases da convocatoria.

As persoas preseleccionadas poderán obter copia das bases nos seguintes sitios:

- Paxina Web do Concello de Chantada
- Oficina de Emprego de Chantada
- Concello de Chantada
- Concello de Taboada
- Concello de Carballedo

As persoas preseleccionadas deberán asistir para realizar a selección provistos do DNI, certificado de empadramento, vida laboral e demais documentación xustificativa para proceder a baremación correcta, en orixinal ou copia compulsada, así como unha copia para entregar ao grupo de traballo.

A selección terá lugar na **Casa do Concello de Carballedo o día 09 de decembro de 2024 ás:**

- Ás 09:00 horas, para persoas alumnas traballadoras do módulo **EOCB0208: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, de Nivel 1**
- Ás 11:00 horas, para persoas alumnas traballadoras do módulo **AGAO0208: Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, de Nivel 2**
- Ás 13:00 horas, para persoas alumnas traballadoras do módulo **SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais, de Nivel 2.**

SEXTA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.-

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54ATHSYED64GW4TTDA
Corrección: <https://chantada.selectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

De acordo co disposto na orde de convocatoria, terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e , dentro destas, priorizarase aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral. Ademais, priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas paradas de longa duración; as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados profesionais de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

Á vista do anterior, respectando en todo caso os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e nas instrucións e circulares da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que a desenvolvan, o Grupo de traballo acorda aplicar o baremo establecido no **Anexo I (baremo de selección)**, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego cunha puntuación máxima de **23 puntos**.

Proba de aptitude e/ou coñecementos.

A continuación, e no mesmo acto, o Grupo de traballo procederá a realización dunha proba de aptitude e/ou coñecementos coas persoas candidatas coa finalidade de determinar as súas destrezas profesionais e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado. Este exercicio será valorado cunha puntuación máxima de **12 puntos**.

Consistirá na realización dun exercicio tipo test. O exame constará de 24 preguntas con 4 respostas alternativas. Cada resposta acertada vale 0,50 puntos. Por cada resposta errada descontarase -0,20 puntos. Non puntúan as preguntas que queden sen contestar.

TEMARIO PARA A PROBA DE APTITUDE E COÑECEMENTOS:

- Tema 1.- Prevención de riscos laborais.
- Tema 2.- Seguridade e saúde no traballo.
- Tema 3.- Igualdade entre mulleres e homes.
- Tema 4.- Cuestión básicas e prácticas do posto a desenvolver.
- Tema 5.- Coñecementos básicos dos módulos formativos, de cada especialidade.

Finalizado o proceso de selección, o Grupo de traballo procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na proba de aptitude e/ou coñecementos, e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes, para a súa ulterior contratación pola entidade promotora. Prepararán a relación das persoas admitidas e excluídas para participar como alumnos/as traballadores/as no obradoiro dual de emprego, sinalando neste último suposto os motivos da exclusión, facendo constar para cada un deles a puntuación e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos. Esta relación será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081 Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6Z237M64ATHSHVED54GW4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

O grupo de traballo asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro ao Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SÉTIMA.- LISTAXE DE RESERVA.-

O grupo de traballo, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

OITAVA.- ADMISIÓN.-

As persoas seleccionadas polo grupo de traballo serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro dual de emprego.

En todo caso, os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

NOVENA.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.-

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo para a selección, no prazo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das actas no taboleiro de anuncios do Concello de Chantada, e serán resoltas polo grupo de traballo, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DAS BASES.-

Estas bases deberán ser expostas ao público no taboleiro da Oficina de Emprego de Chantada, no taboleiro de anuncios e no portal de emprego da páxina web do Concello de Chantada, así como nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Taboada e Carballedo.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54ATHSYED54GWA4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

ANEXO I.- BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "SERRA DO FARO IX"

1.- MULLERES.- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta. (máximo 2 puntos)

Mulleres, en xeral	1 punto
--------------------	---------

Mulleres vítimas de violencia de xénero	1 punto
---	---------

2.- EMIGRANTES.- As persoas emigrantes retornadas

Persoa emigrante retornada	1 punto
----------------------------	---------

3.- IDADE

18 – 44 anos	0,50 puntos
--------------	-------------

45 ou máis	1 punto
------------	---------

4.- DISCAPACIDADE

Minusvalía, grado maior ou igual ao 33%	1 punto
---	---------

5.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

Perceptores de desemprego	0,50 puntos
---------------------------	-------------

Perceptores de subsidios	1 punto
--------------------------	---------

Non perceptores	2 puntos
-----------------	----------

6.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

Menos de 12 meses	0,50 puntos
-------------------	-------------

De 12 a 18 meses	1 punto
------------------	---------

Máis de 18 meses	2 puntos
------------------	----------

7.- CATEGORÍA PROFESIONAL

(NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

Autónomos	0 puntos
-----------	----------

Grupo de cotización de 1 a 7	0 puntos
------------------------------	----------

Grupo de cotización 8	0 puntos
-----------------------	----------

Grupo de cotización 9	1 puntos
-----------------------	----------

Grupo de cotización 10	2 puntos
------------------------	----------

Sen emprego anterior	3 puntos
----------------------	----------

8.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
(Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social ...)

Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada una solicitude, ben por falta do período	
--	--

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

DECRETO
Número: 2024-1081 Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6Z377M64THSYED54GW4TTDA
Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10





CONCELLO DE CHANTADA

esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social1 punto

9.- FORMACIÓN ACADÉMICA

Ata graduado	2 puntos
Bacharelato/BUP e FP ciclo medio	1 puntos
Títulos universitarios e de FP de ciclo superior	0,50 puntos

10.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan, e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella). Máximo 1 punto

Unidade familiar de 4 ou máis membros	1 punto
Monoparental con fillo/s	1 punto

11.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data de resolución de aprobación do obradoiro dual de emprego	2 puntos
Por non participar nas últimas cinco convocatorias dun obradoiro dual de emprego ou programa de emprego	6 puntos

12.- PROBA DE APTITUDE E / OU COÑECEMENTOS

Na que se valorarán as aptitudes e/ou coñecementos das persoas candidatas coa finalidade de determinar as súas destrezas profesionais e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado. Este exercicio, que será tipo test, será valorado cunha puntuación máxima de 12 puntos".

DECRETO
Número: 2024-1081
Data: 13/11/2024

Cod. Validación: 6ZZ37TM54ATHSYED54GW4TTDA
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: concello@concellodechantada.org

